


A FIESTA DO ILLA Nº 20



Aldara González da Silva

LETRAS GALEGAS 2019

Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999)

Cronobiografía:

- **1905:** nace na aldea de Insuela, parroquia de Loureiro, Cotobade.
- **1919:** comeza o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra.
- **1923:** funda, cos compañeiros, a Sociedade da Lingua co obxectivo de defender o galego e elaborar un dicionario.
- **1924:** comeza a carreira de Filosofía e Letras en Santiago e ingresa nas Irmandades da Fala.
- **1926:** comeza a publicar artigos en *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra* ou *Nós*.
- **1928:** ingresa no Seminario de Estudos Galegos, do que será membro numerario participando en numerosa xeirras por Melide, Deza ou Fisterra.
- **1933-1936:** desenvolve a docencia como profesor no instituto da Estrada, afíliase ao Partido Galeguista e participa activamente na campaña a prol do Estatuto de autonomía.
- **1936:** após o levantamento militar, foi detido e obrigado polos falanxistas a borrar con sosa cáustica, queimando as mans, as pintadas que había na Estrada a prol do Estatuto de autonomía..
- **1936-1938:** represaliado, por ser galeguista, foi suspendido de emprego e soldo e separado do ensino; afástase da vida pública, acubíllase na súa aldea e deixa de escribir en galego.
- **1938:** abre unha academia en Santiago para poder vivir da pasantía.
- **1942:** revisado o seu expediente de depuración, dá aulas na Facultade de Filosofía e Letras.
- **1944:** participa na transformación do Seminario de Estudos Galegos,




desmantelado polo franquismo, no novo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, chegando a ser o seu director.


- **1950:** feita a tese de doutoramento, volve gañar unha praza de catedrático de instituto e é destinado a Lugo. Despois, será profesor en Santiago até a súa xubilación en 1975.
- **1951:** ingresa na Real Academia Galega, ocupando a cadeira de Castelao.
- **1963:** nomeado director do Museo Municipal de Santiago.
- **1976:** participa na creación do Museo do Pobo Galego, sendo o seu primeiro director, e logo, presidente do seu padroado.
- **1983:** membro do Consello da Cultura Galega.
- **1984:** Recibe a Medalla Castelao.
- **1992:** nomeado Cronista Xeral de Galicia.
- **1997:** presidente en funcións da Real Academia Galega.
- **1999:** falece o 5 de novembro.

Obra:

A súa obra é moi ampla e variada, ducias de libros e arredor de 1300 publicacións en revistas e xornais, mais ten, toda ela, un único e esencial motivo: Galicia.



Escribiu sobre xeografía, historia, arqueoloxía,... porén o máis destacábel foi o estudo do mundo e da cultura campesiña: as festas, crenzas, romarías, lendas, contos, etc.



ESE MUNDO DESCOÑECIDO DO ASPERGER

Ola a todas e todos!

Son a nai dun alumno que está no voso instituto, quería que o meu fillo diagnosticado de Síndrome de Asperger escribise este artigo comigo e falase de como vive el as cousas día a día, pero finalmente non quixo facelo, a súa resposta foi:

"non quero que me traten como a un rariño". 😞

Ese é o problema, que é ser rariño e que non o é?

Vivimos nun mundo onde o que é igual cos demais é aceptado e a persoa que é diferente (polo motivo que sexa) é excluída, xulgada ou menosprezada e, moitas veces, remata sufrindo acoso. 🙅

A tolerancia é algo que aínda queda moi lonxe, algo polo que debemos traballar para que a nosa sociedade sexa máis xusta.

Contareivos como é a vida do meu fillo:

Para comezar tedes que saber que é unha persoa moi especial e magnífica, nunca deixa de sorprendeme, sabe un montón de cousas e ten unha capacidade impresionante para aprender sobre os temas que lle gustan, porén nas cousas que non lle atraen tanto cóstalle manter a atención: isto é algo característico dos Asperger, os seus problemas para manter a atención, a súa cabeza é como unha ola a presión



cun montón de cousas aí metidas e a súa forma de ver e percibir o mundo é diferente ao noso, cousas que a nós nos parecen sinxelas a el cóstanlle moito, como por exemplo os dobres sentidos, saber cando dicir ou non dicir algo e saber se pode moléstalle a outra persoa, interromper cando non debe, as relacións sociais, empatizar cos demais, acordarse de todo o que ten que facer cada día...

Moitas veces as persoas pensan que @s Asperger son maleducados, intransixentes ou incluso distantes, nada máis lonxe da realidade, eles teñen sentimentos, pero vívenos á súa maneira: choran, sofren, namóranse, emociónanse, están tristes, alegres como @s demais, pero esa maneira é a que debemos aceptar e comprender. Até agora, eles son os que tiveron que adaptarse ao mundo e non ao revés e creo que é moi importante a axuda que o mundo lles pode ofrecer, unha luz no seu camiño para que as cousas lles resulten máis sinxelas.

O meu fillo frústrase moitas veces ao día, porque non consegue o que quere, porque algo non lle sae ben, porque non quere saír da casa, porque ten moito que estudar, por estar tantas horas no colexio, polos medos que ten... son cousas que lle custan, pero tamén se esforza en realizalas e mellorar cada día, iso é importante, e ,sobre todo, temos que valorar o seu esforzo.

Sempre o estamos motivando, é certo que non é fácil vivir cunha persoa Asperger, moitas veces (como con outro tipo de persoas) esgota a paciencia, protesta por todo, contesta que non a calquera proposición, hai que repetirlle todos os días as mesmas cousas, pautalo, pásase parte do día desconectado da realidade, recordarlle o que ten que facer no cole, na casa... é un gran esforzo e traballo diario, pero que a el lle axuda e aínda que non o pareza esfórzase moitísimo.

El coma todas as persoas necesita sentirse querido aínda que el non sexa tan cariñoso, necesita amigos e amigas aínda que lle custen as relacións sociais, necesita sentirse parte dun grupo aínda que pareza que quere estar só.

Continuamente dígolle que me encanta como é, xa que el ás veces cre que é un neno "malo" por comportarse así, respóstolle que cada persoa é diferente, todas temos cousas que se nos dan ben e outras que nos custan, lémbrolle cada día o intelixente que é , enxeñoso, sincero, que ten moito sentido do humor, que é sensible, creativo... porque o que non quero é que se sinta triste por ser como é, unha vez díxome algo que



me encolleu o corazón "mamá eu non quero ser máis así, a xente trátame diferente e apártase de min, eu quero ser como os demais, como me podo curar?" Respondinlle que o Asperger non ten cura é una forma de ser, que terá que esforzarse moito máis cos demais e que o problema non o ten el senón os resto das persoas que non saben apreciar a magnífica persoa que é, e que tampouco saben ser tolerantes, vivir, respectar e axudar a persoas diferentes.

Espero que o relato vos sirva para visualizar (un pouquiño) o que é o Asperger e como podedes axudar a estas persoas no seu día a día, antes de deixalas de lado porque son diferentes, que aprendades a coñecelas e aceptalas cos seus poucos defectos e as súas moitas virtudes, veredes como vos sorprendarán.

Un saúdo



MAGOSTO E XOGOS POPULARES



OBRAS DE ARTE, COÑÉCELAS OU RECOÑÉCELAS?


No noso centro o Entroido sempre é unha festa inesquecible, grazas á colaboración de todo o profesorado e alumnado tivemos actuacións de moito nivel artístico e humorístico, pero temos que dicir desde o Departamento de Orientación que a implicación do profesorado este curso foi moi intensa e logrouse xuntar nun disface a ilusión, a cultura, a arte e o humor compensando con creces as tardes de bricolaxe e artesanías previas ao gran día. Todo o traballo que se fixo reverterá nunha exposición de arte e xa supuxo unha aprendizaxe importante para todo o alumnado que participou en Artelixo este curso, onde foron expostos e usados como unha forma máis de reciclaxe e reutilización de materiais que deu moito, pero moito xogo.



Van Gogh "Autorretrato"

Leonardo da Vinci "A Dama do Armiño"

Goya "Duquesa de Alba"



Leonardo da Vinci "Gioconda"
I.E.S. ILLA DE SAN SIMÓN

Velázquez "Menina Margarita"

Hanna Höch "Die Frau mit dem Hammer"
Equipo de Dinamización da Lingua Galega

HISTORIA DO CINEMA

Crear algo tan máxico como o é as imaxes en movemento ou vídeo, foi un feito histórico na epopea da humanidade.

A palabra cine deriva do grego “kine” que significa movemento, e, oficialmente, o cine comeza o 28 de decembro de 1895 cando os irmáns Louis e August Lumière realizaron a primeira proxección pública de imaxes en movemento. Os Lumière deron a coñecer o que moita xente cualificou como “a fábrica de soños”, o cinematógrafo.

As primeiras películas da historia combinaban dúas tendencias: o cine documental e a ficción. Por un lado exhibían escenas da vida cotiá, como a famosa chegada do tren, ou de guerra, como a primeira Guerra Mundial e por outro lado cadros teatrais escenificados. Durante os anos 10 apareceu Hollywood, unha industria que xa nos anos 20 fixo máis de 796 longametraxes, coa descuberta, tamén, de grandes estrelas como Marilyn Monroe. Esta época do cine xerou unha particular forma de facer vídeos.

O avance do cine desde os inicios foi moi rápido: desde meramente ver imaxes en movemento, pasando polas primeiras películas con son (comeza en 1927 con “The Jazz Singer”) até chegar ás películas a cor en 1935 con “A feira da vaidade”. Antes, as películas mudas tiñan



un claro dominador, Charles Chaplin, caracterizado pola simpleza das súas historias, que con filmes como “Luces na cidade”, “Tempos Modernos” ou “O Gran Ditador”, chegou ao corazón da xente desa época.

Durante os anos 40 e 50 houbo unha persoa que se impuxo por encima de todos, o seu nome Alfred Hitchcock, director de máis de 80 filmes, entre os que destacan “Rebecca”, “A Soga” (película coñecida por utilizar un único plano durante máis do 90 por cento da súa duración), “A fiestra indiscreta”, “Vertixe”, “Coa morte nos talóns”, “Psicose”, e “Os Paxaros”.



Ademais de Hitchcock, durante os 40 e 50 tamén habería películas moi boas como “Casablanca”, “Cidadán Kane”, “Que belo é vivir”, “Cantando só a choiva”, “O crepúsculo dos deuses”, “12 homes sen piedade”, “Ben-Hur”, “Con saias e ao tolo”, e un largo etc.

Durante os 60 triunfa Stanley Kubrick, un dos mellores cineastas (o mellor para moitos) de todos os tempos, que nesa época rodaría películas como “Espartaco” ou “2001 unha odisea do espazo”, mais tamén habería películas moi famosas como “Matar un rei señor”, “O apartamento”, “Lawrence de Arabia”, é unha innumerable listaxe.

A industria do cinema cada vez era máis grande e mellor. Nos 70, proba diso, rodáranse películas moi famosas coma “Star Wars : unha nova esperanza“, “O Padriño“, “ O golpe“, “A laranxa mecánica“. Mais, sobre todo, nesta época apareceu o gran Steven Spielberg, un dos directores máis coñecidos actualmente. A súa primeira película chamouse “ O diaño sobre rodas“ e foi unicamente destinada á televisión. No 1978 creárase o primeiro Blockbuster da historia: “Superman“. Como curiosidade, Superman ao principio era un vilán, mais decidiron cambiálo porque non convencia.



Os 80 supuxeron unha das principais épocas douradas do cine. Chega ao cume como director Steven Spielberg após crear o arqueólogo máis sonado da historia (“Indiana Jones“) e o alienígena máis famoso do universo (“E.T.“). Tamén volvería George Lucas para rematar unha Odisea Espacial, que en realidade non rematou (“Star Wars IV, V e VI“), a espectacular triloxía de “Regreso ao futuro“, “O resplandor“, “Blade Runner“, “A xungla de cristal“ e innumerables películas máis que todos coñecemos.



Os 90 vai ser outra época dourada no cine, tan boa ou mellor ca a anterior, con películas que todos coñecemos: “Só na casa“, “Terminator 2“ (coa que Cameron revolucionaría os efectos especiais), “ O silencio dos Cordeiros“, “A lista de Schindler“, “Jurassic Park“, “Forrest Gump“, “Cadea perpetua“, “O rei León“, “Toy Story“ (primeira película da historia da animación feita totalmente a ordenador), “Seven“, “Scream“, “Trainspotting“, “Titanic“ (coa que James Cameron volvería revolucionar os efectos especiais e de paso levar 11 Óscars) “Salvar o soldado Ryan“, “Truman show“, “O sexto sentido“, “O Club da Loita“, “American Beauty“ ou “Matrix“.

Tendo en conta como avanzou a tecnoloxía, pasando de efectos moi básicos a partir do corte de fotogramas para facer desaparecer ou aparecer a alguén, até chegar a efectos visuais que, de non saber da existencia dos ordenadores, xuririamos que son reais, a onde chegará “a fábrica dos soños“? Se o cine parece tan real en 2019 como será en 50 anos?



Pablo Sánchez Nogueira, 3ºB.

PARABÉNS PABLO!!

Pablo Gómez Muíños, alumno de 1ºA, foi un dos finalistas na categoría de Secundaria do VII certame de RELATO CURTO 2019, promovido por FANPA.



Desde *A festa do Illa* animarvos a todas e a todos a participar nas vindeiras edicións e, os que xa participastes tedes que intentar de novo conseguir o premio.

Para Pablo, parabéns polo premio acadado e grazas por contarnos historias de personaxes de ficción que nos axudan a gozar da literatura e, polo tanto, da vida.

Velaquí o relato premiado:

PABLO GÓMEZ MUIÑOS

IES Illa San Simón, Redondela

DENTRO DOS LÍMITES DA MIÑA VIDA

Ola, chámome Zanu e vivo, coma ti, entre catro paredes unidas por unha porta. Tras ela vexo moita xente, xente que fala, xente que pasa, que sorri, que come... Algunha visítame coas súas enormes cestas. Normalmente veñen cada dous días, pero ás veces veñen todos os días, non me queixo. Case sempre teño que facer, pero fártome, porque é a mesma tarefa unha e outra vez.

Non me movo moito da miña casa polas miñas limitacións, xa que só podo desprazarme un pouco cara aos lados. O bo é que son moi apreciada por facer o meu labor.

Hai días en que non me apetece traballar, entón aproveito que estou sucia e fago mal a miña angueira. O que sucede despois é que gaño unha limpeza a fondo e a cara anoxada do meu xefe fronte a min.

As persoas que me acompañan sempre me abren a boca e métenme o que eu penso que é o meu alimento acompañado da bebida, que adoita ser un pouco forte, pero un acaba por se acostumar. Ao final sácame o que eu chamo alimento e lévano consigo, lonxe de min.

O que está claro é que sempre lle estou dando voltas á cabeza, non para. Creo que son ben listo, ou... ou son unha lavadora?

PROXECTO ADA

Este curso grazas á Fundación Filomena Rivero Alonso, o alumnado de 2º tivo a gran sorte de poder participar nun obradoiro de prevención de acoso escolar con Frida, unha cadela moi especial coa que traballaron nas titorías durante parte do 2º e todo o 3º trimestre.

O alumnado traballou a xestión emocional de conflitos, resolución pacífica dos mesmos, empatía e moitas outras habilidades sociais complexas que axudarán ao seu desenvolvemento integral e a lograr os obxectivos que pretendemos tanto familias como sistema educativo.



TEI

Outro ano mais continuamos embarcados neste proxecto de Titoría Entre Iguais, que busca o fomento da empatía e da colaboración entre iguais como base dun cambio de clima de convivencia nos centros educativos.

Fixéronse unha serie de actividades conxuntas entre o alumnado titor de 3º e os titorados de 1º que nunca resultan suficientes para eles.

Cada ano medra un pouco máis este proxecto e para o ano esperamos poder organizar actividades semanais e se quede con ganas.



evitar así que o alumnado



Departamento de Tecnoloxía

Fonte de Herón



Adiantándonos aos 150 anos da chegada do "Nautilus" para rescatar os tesouros do fondo da ría de Vigo, o profesor encargado das actividades extraescolares do noso instituto, o sen par D. Luís Conde, propúxonos ao departamento de Tecnoloxía, realizar unha pequena homenaxe a tal acontecemento presentando un proxecto ao concurso de nome "Jules Verne" do concello de Redondela, que esperamos ou realmente esperan as súas autoras recibir o premio que merecen, do cal vos damos a coñecer un pequeno resumo.

Elisa Glez. Blanco e Lucía Figueroa


O obxectivo desta experiencia é que o alumno comprenda os principios de Pascal e Arquímedes de maneira sinxela. Un chafariz que funcionaba "a presión" sen ningunha fonte enerxética adicional.

O material utilizado como veredes é moi simple, algún reciclado, que ten o seu mérito, como as botellas de plástico. A madeira, o arame, termocola e a manguera, houbo que mercalas .

Como supoño que o atopades interesante e non vos importaría facer unha fonte de Herón para o xardín ou terraza de casa aquí deixámosvos a forma de facelo.

Os materiais e o esquema de traballo sería o seguinte:

- 1) Unhas botellas de plástico unidas convenientemente por mangueras de látex.
- 2) Cortamos á medida os tubos e facémoslles buracos aos tapóns das botellas, teremos que asegurarnos á hora de facer o experimento que as botellas queden pechadas hermeticamente, para isto utilizaremos termocola.
- 3) O recipiente intermedio está cheo de auga e o de abaixo baleiro.
- 4) O recipiente de arriba está cortado pola metade.
- 5) Bótase auga polo recipiente de arriba que preme o aire contido no recipiente de abaixo, impulsando este a auga do recipiente intermedio cara arriba saíndo a auga por un chafariz.



E isto por que non para de botar auga?

Porque o aire é capaz de elevar a auga a condición de que estea nun recinto pechado hermeticamente.

Aquí déixovos unha realidade fotográfica do alumnado satisfeito do traballo realizado así como algúns comentarios que fixeron.

Alumnado 4ºB



Lucas Rodríguez

A fonte de Herón pareceume un bo proxecto, gustoume moito xa que fai pasar a auga dunha botella a outra sen utilizar a electricidade, simplemente facendo presión e que a auga suba polos tubos, vencendo a lei de gravidade. É un proxecto que volvería repetir, sen ningunha dúbida.

Elisa González

A fonte de Herón é un sistema co que se aprende a reciclar a auga e non desperdiciala ao tratarse dun circuíto pechado; ademais

podemos descubrir a presión que esta pode chegar a crear e desafiar a gravidade ao crear unha fonte natural sen outros mecanismos que nos fagan subir a auga

Miguel Bas

Creo que con esa fonte de Herón aprendín a manexar os mecanismos dunha fonte, pareceume peculiar que sen utilizar un motor nin nada funcionase a fonte, aínda que a nós non nos funcionase ben a fonte, serviunos de aprendizaxe.

Dpto. Tecnoloxía e D. Fernando G. Fortes



Alumnado 2º ESO

Este ano as rapazas e rapaces de 2º e 4 ESO participamos no Club de Ciencias e no concurso " Jules Verne ". Así pois, en tecnoloxía os de 2º construímos diferentes estruturas para a nosa horta e os 4º B, encargáronse de facer o sistema de rego. Vexamos algúns dos nosos aparellos.



patas de piñeiro do país, a estrutura das patas vai triangulada, para mellorar a estabilidade. Irá dentro do invernadoiro para así adiantar o período de plantación.

2ºB : Invernadoiro

Aroa Martínez, Samuel Martínez, Eduardo González, Hugo Hermelo, Alex Migueles, Iria Lago,



2ºA. Dous sementeiros para o invernadoiro que utilizaremos o vindeiro curso. Feitos por: Ángel Díaz, Alex Borrega, Adrián Crespo, Ricardo Agulla, Iker Llamas, Rubén Alonso, Pablo Campo, Nicolás Alonso, Roi Avariño. Os sementeiros están feitos con madeira de abeto e as



Carla Fernández e Birtukan González. O invernadoiro de 4m² é a estrutura que máis traballo nos está dando aínda por rematar, xa que tivemos que cortar, puír, tratar a madeira xa que vai estar o aire libre, e unir tódalas pezas. Atopándonos no mes de maio na fase de montaxe, tamén tivemos que ir cubrindo a estrutura co plástico, método que non nos convenceu de todo, ao ser feito en madeira o plástico é difícil de unir á madeira, trataremos de melloralo para o vindeiro curso, A montaxe temos que facela no exterior xa que dado que no hai espazo para sacalo do taller. Outro rompedura de cabeza foi o xeito de ancoralo á terra.

Pensamos que xa temos a solución. Tamén levou tempo facer a xanela e a porta, moito limado e puído para que encaixaran correctamente.

Foi feito de listóns de madeira de piñeiro de sección 40x45.

A estrutura é bastante pesada e ten que soportar bastantes cargas e esforzos. Tamén triangulamos para darlle maior estabilidade. As unións foron feitas con escuadras, ensamblaxes e roscado para evitar que a madeira abraia.



de bambú , pirámides de base cadrada.

Soporte Herbas aromáticas



Estela Picón, Imad Moukhass, Lucas Pérez, Iago Táboas. Aproveitando 2 palés, tamén fixemos un soporte para herbas aromáticas.



2ºC : Titores para tomates, chícharos e un espantallo

Estela Otero Álvarez , Sabela Vidal Rivas, Lucía Rolo Argibay , Daniel Moreira Bouzón, Nuria Sánchez Barbosa , Estelle Couñago Parada.

Soporte de plantas que gabea feito con canas



Sinalización das fincas e unha casa de paxaros.

Nerea Castro, Rubén Dominguez, Iago Montero, Nicolás Pérez.

Aproveitamos o restos dos palés, e de soportes listóns de pino. A casa de paxaros foi feita con táblex DM e trata como o resto da madeira para exterior.

Tes curiosidade por ver todo o álbum, incluído o sistema de rego?




Escanea o código e goza!



A FOBIA AO COLECTIVO LGTB

A fobia social ao colectivo LGTB, que, como moitos xa sabedes, agrupa a gais, lesbianas, bisexuais e transexuais, normalmente ben dada pola intolerancia, discriminación ou rexeitamento debidos á súa orientación sexual ou de xénero.



Cristina Monroy Abal


A discriminación, aínda que non nos deamos conta, comeza cando un neno ou nena nace, pois sempre se lles asigna un sexo e orientación sexual determinada, neste caso, a heterossexualidade. Elixindo nós os gustos do bebé, sen querer saber se van ser así no futuro, estámolo condicionando nunha dirección, mais unha persoa ao longo da súa vida pode namorarse doutra independentemente do seu sexo. Así mesmo, desde que se nace, dependendo dos órganos que se teña, determinan a alguén como

home ou muller e iso vai ser para sempre, obviando que ese recén nado pode non estar de acordo no futuro, xa que un non decide con que corpo nacer, pero si elixe que ser, ou que e como sentirse.

Actualmente todo isto está máis normalizado, pero hai que visibilizalo máis, pois hai moita xente que aínda non é respectada. Se non se sente identificada co sexo que lle asignaron cando naceu, tómanos por raro, non quere dicir a súa orientación sexual, os seus propios gustos, por medo ao rexeitamento. Paréceme unha tontería, pois, cando alguén é heterosexual non ten dicir nada aos amigos ou familia (porque se lle supón), pero se alguén é bi ou homosexual e non o di, normalmente, é tomado por hetero. Polo tanto, vese obrigado a contalo, como se de algo raro se tratase, cando tería que verse como igualmente normal. Isto é porque aínda non está aceptado ao cen por cen, incluso hai países onde está prohibido e condenan a morte por tal cousa.

Creo que estamos a tempo de frear isto, deixar que cada un teña os seus gustos libremente e sen medo a ser xulgado pola xente debido á súa propia orientación sexual.

NOELIA 4ºA



Yeray

VIOLENCIA DE XÉNERO



Cristina Monroy Abal

Como todos saberedes, a violencia de xénero é un tipo de violencia física ou psicolóxica exercida contra as mulleres só por selo e constitúe un atentado contra a integridade, dignidade e liberdade das mulleres, independentemente de que se produza no ámbito público, na vida familiar ou persoal.

Este é un tema que, por desgraza, está á orde do día, xa que, a diario, mulleres son maltratadas e, en moitos casos, asasinadas por homes que tiveron algún tipo de relación con elas. Violencia de xénero é un termo que, a min como muller, moléstame xa que semella que a muller é considerada como o sexo débil e, a causa diso, son maltratadas polas súas parellas ou exparellas, non son respectadas como persoas, senón consideradas da súa propiedade e con dereito, dada a súa debilidade, a decidir por elas.

Isto ocorre moitas veces porque o maltratador quere sentirse superior ou, simplemente, por medo a sentirse inferior e abandonado, transformado ese temor en ira ou violencia cara a vítima.

En moitas ocasións, a persoa maltratada é incapaz de ter o valor para poñer punto e final á situación, sexa porque ten un sentimento de culpabilidade, ou porque os seus sentimentos cara á outra persoa non lle deixan ver obxectivamente a realidade.

Todo isto, creo que nos debería facer reflexionar a todos, xa que nos podería pasar a calquera. Non fai falta que chegue a violencia física para que nos deamos conta do que está a suceder, xa que, a violencia de xénero comeza con simples cousas como ter una parella, ou un amigo, demasiado posesivo ou controlador.

Cando nos decatemos dunha situación así, deberíamos freala a tempo, xa sexa falando con alguén de confianza ou un experto, e nunca mostrarte débil, nin deixar que alguén controle a túa vida.

Ariana Pazó 4ºB



Cristina Monroy Abal

NADIA

Sábado 30 de maio, un día normal, soleado, con algunhas nubes sen importancia no ceo, mais achegándolle un toque de beleza; un día coa mesma rutina.

Nadia, unha adolescente de 16 anos en época de exames, cunhas ganas tremendas de estudar, mais non de estudar unha materia calquera non..., lembra que o luns ten a proba desa materia que odia dende que empezou o instituto e ten tantas ganas de rematar só para perdela de vista.

Día 25 de xuño xusto ás 14:30 cando saía do instituto, ese lugar que tantos records me traía desde o primeiro momento no que entrei, porque vaia xa empezara a cousa ben, con aquela caída insignificante, pero eu, moza nova no centro e sen coñecer a ninguén, xa me fixera sentir como unha parva no medio de todo o mundo, mais,



Cristina Monroy Abal

bohhlh, iso era o de menos! recordo que vin aquel sitio como algo enorme, non sabía que facer, a onde dirixirme nin cara a quen, cun nome tan pouco peculiar de contado me habían pór un alcume despectivo, pero de repente todo cambiou, a mirada de Sara foi a que me axudou a pasar aquel mal trago, vaia coa situación, esa mirada que me deu a confianza que necesitaba, ela achegouseme e coma se nada comezou a falar; toda a miña tensión fíxose nese intre e dispúxenme a bombardeala cunha millenta de ...e quen son?... ...Que clase é?... en realidade nin sei por que lle preguntara iso, realmente pensei que me miraría con cara de esta tía está tola da cabeza e marcharía, quedando soa, mais non, nunca nestes catro anos me deixou soa, tamén é verdade que coñecín a máis xente, pero no tan importante e significativa coma ela.

De súpeto un portazo da súa nai fíxoala volver á vida real, e a recordarlle que tiña que estudar, mirou desde a cama os libros que estaban enriba da mesa e non lle quedou máis remedio que poñerse se ese día 25 de xuño quería tirar os apuntes no colector que había á volta da súa casa.

Xa era de tarde, Nadia seguía no seu odiado mundo da Bioloxía, en realidade gustáballe a bioloxía, o que odiaba era ter que estudala como lla mandaban estudar, de repente levantou a cabeza dese “marabilloso mundo” e visto que, a pesar de odiar a materia, non o levaba tan mal, decidiu ir dar unha volta, colleu un suadoiro, os seus cascos e foise.

Elisa 4ºB

GALICIA

**Dásnos terras onde vivir,
polas que loitar e protexer.
Onde nós nos criamos,
onde nós gozamos.**

**Dásnos historia e
unha lingua propia.
Campos onde correr e
mar por onde nadar.**

**Dásnos natureza
Coa que gozamos.
Dásnos amizades
que nos dan felicidade.**

Uxío Pazos 1º C



4º A



4º B



LENDAS CREADAS POR ALUMNADO DE 2º ESO

Lucía Rolo 2ºC

OULEO

Érase unha vez ... Érase unha vez? Iso non está moi visto xa? Hai moito tempo... Non, non. Demasiado utilizado... Esta historia comeza... Tampouco! Ah! Xa sei!

Lúa lueira alumeando esta historia. O aire sopra levando as letras e formando as palabras do relato que as nubes presenciaron dende a súa altura.

Hai non sei cantas lúas cheas e novas, os montes eran lugares misteriosos e cheos de perigos. O simple oulear dun moucho poñía a pel de galiña. Non había forma de escapar dos sons dos animais da zona. O terror fervía o sangue ao pasar entre as árbores e os sons das bestas nocturnas non axudaban demasiado.

A lúa reinaba sobre todos. Coa súa brillante luz, alumeaba todo o que se podía ver. Raíña da noite, dende o seu pedestal no cume do ceo, observaba atenta o que ocorría nas súas terras.

Entre a vexetación dunha das partes do bosque, un fume saía con forza cara ao manto escuro. Alí, a pequena seita, constituída só por menores de idade, fronte ao seu xefe, tiña sacrificio nesta noite, perfecta para a ocasión. Esta noite, Xoán, habería de ser sacrificado. No día do seu dezoito aniversario, no paso de cada



membro da seita á idade adulta, servían o amo sendo sacrificados dunha maneira horribel e devastadora para calquera ollo que o mirase.

Atado a un forte pau de ferro, con expresión tranquila, situábase o mozo cos dezoito acabados de facer. El servía o amo e era unha honra facelo.

- Aproxímese, Álvaro, o máis novo, para facer o sacrificio -fala o xefe Marco, o elixido para falar en voz do amo.

Un rapaz duns catorce anos dá un paso adiante, nervioso, aproximándose ao mozo tirado no chan, atado. Co coitelo afiado, realiza unha fisura no medio do peito do home, de Xoán, e baleira unha botella de alcohol sobre el antes de separarse e prender un misto, para botalo sobre o corpo, que comezou a consumirse nas lapas.

Os berros de Xoán escoitáronse por todo o monte, ata que o lume se apagou e un gran burato apareceu na terra, tragando o cadáver sen vida do home.

- Unha noite máis, outro dos nosos cumpriu a súa obriga e contentou o noso amo. Deámoslle os parabéns a Álvaro polo seu bo traballo, xa é parte da nosa seita. A semana que vén, tócalles a Miguel. Boas noites a todos -rematou Marco, e cada un camiñou cara á súa tenda a durmir.

O nomeado, Miguel, camiña ao lado do seu mozo, Samuel, que ao ser parella dormen na mesma tenda. O primeiro, coa testa baixa, pensa no horror dos sacrificios. El ten claro que non quere morrer así, pero non llo pode dicir a ninguén, ou pode sufrir peores consecuencias.

El nunca quixo entrar neste lugar. Se Marco non asasinase os seus pais, el non estaría aquí, obrigado por non ter onde ir.

- Sam... -chama polo seu mozo-, non quero morrer así, non quero separarme de ti así. É horrible!
- Como?! -pregunta alarmado. Tes que facelo! Hai que servir o amo! -di mentres mira furioso a Miguel.
- Non penso facelo! Ven comigo, marchemos de aquí – suplicálle agarrando as súas mans con cariño.
- Non! -sóltase Samuel. Eu estou aquí porque quero, non por obriga!
- Ves? A ti tamén che lavou o cerebro. Cres que iso é unha honra. Morrer entre as lapas para ser tragado polo chan, cunha dor insufrible. Non é unha honra, é unha estupidez dun tolo como Marco que só quere vernos morrer!
- Non fales así do xefe! El é o elixido!
- E que máis dá? Só é un descerebrado alimentado polo noso sufrimento. Non podes entendelo? -Miguel suaviza o seu ton.
- Tes que facelo! Son as normas! Non podes irte!
- Ven comigo. Estaremos lonxe e seguros, xuntos. Por favor...
- Non!

Despois da forte discusión Miguel cedeu. Non debería, pero quería demasiado o seu mozo e non podía estar así. Pasou a semana entre bicos e despedidas agarimosas, asegurándose mutuamente que se verían de novo no outro lado.

Miguel foi atado no pau e Álvaro, de novo, achegouse a el co coitelo na man e a botella na outra, coa caixa de mistos no peto.

Entre os berros de Miguel escoitábase o ouvear dos lobos. O forte son retumbaba nos outeiros. Os lobos, que estiveran presentes en todos os sacrificios, ouveaban á raíña lúa para que salvase aquel rapaz que non quería sufrir esa pena de morte.

Dende aquela, cada noite de sacrificio os lobos oulean á lúa grande, deitada no ceo, para que axude á mala morte que dá ese lugar, onde os pobres nenos eran orfos por culpa do malnacido que matara os seus pais, obrigándoos a morrer dignamente no lume.



Cristina Monroy Abal

Aroa Martínez 2ºB

Un paseo baixo as mareas

Conta a lenda que hai moitos, moitos anos, na provincia de Pontevedra, preto da praia de Cesantes, vivía unha lesma chamada Paco.

Cada día, Paco achegábase ata as costas da praia de Cesantes e daba un longo paseo. Nunca puido chegar ata o final da praia, nin sequera chegaba ata a metade, porque era moi lento e sempre tiña que volver para a casa pola subida da marea ou porque xa anoitecera. Para Paco o resto da praia era unha parte sen explorar, descoñecida, e cando conseguía avanzar, aínda que fose un pouco, sempre se emocionaba, porque para el era coma un novo mundo.

Un día, Paco propúxose chegar ata o final da praia. Antes de amencer, Paco colleu unha tenda de campaña e comida, meteuno todo nunha mochila e púxose en marcha. Sen darse conta, Paco xa estaba moi lonxe da súa

casa e todo ía xenial. A lesma estaba chea de enerxía, xa que o que estaba a facer lle gustaba moito, pero o seu gran problema era que sempre se deixaba levar pola obsesión que tiña coa comida. Entón decidiu buscar o areal, polo que xa pasara moitas veces, e que coñecía moi ben. Cando o atopou, púxose a comer o que levaba na mochila. Como acostumaba facer, botou unha sesta na parte máis quente do areal e, como de repente comezou a soprar o vento, colleu unha cuncha baleira e colocouna de forma que o vento xa non lle impedía durmir.

Ao cabo dun anaco, Paco comezou a sentir un lixeiro fresquiño na parte inferior do seu corpo. Era a marea, que subira o seu nivel mentres el botaba a sesta. Paco decatouse de que non levaba nada útil na súa mochila e, sen pensalo, meteuse dentro da cuncha que tiña ao seu lado. Uns minutos despois, Paco decatouse de que a marea seguía subindo, pero el atopábase seco e quentiño. Foi nese intre cando Paco pensou en todas as viaxes que podería facer sen necesidade de volver atrás, e decidiu quedar coa cuncha. Por iso os caracois teñen unha cuncha ás súas costas.

Nuria Estévez 2º B


Un día de frío xélido, alá polo leste dos Ancares, pasando polas árbores, os cervos, o xeo..., nun recunchiño antes de chegar ao río Cuíña, estaban os caracois, formados por unhas antenas e un corpo bastante viscoso. A cor que máis predominaba neles era o marrón claro.

Como calquera día normal, foron en busca de comida, xa que cara ao anoitecer presentían que ía vir moito frío; aínda que o de buscar comida non era o seu maior problema, pois tiñan preto unha gran variedade de alimentos, como trevos, margaridas, leituga, fentos, ourego...

Despois de darse un gran festín, foron ao seu refuxio para descansar. Pasado un certo tempo, escoitaron a outro grupo de caracois ir cara a onde se encontraban eles, así que todos se preocuparon polo que podía pasar, xa que o seu refuxio era moi quentiño e, tendo en conta o tempo que estaba, non era de estrañar que viñesen a conquistar o seu agocho. E así foi, os caracois que viñan do oeste estaban moi preparados, notábase que deseñaran varias estratexias por se algunha non funcionaba. E deste xeito, os caracois do leste quedaron sen o seu refuxio; o único que podían facer era buscar outro, mais xa sabían que a esas alturas do ano ía ser difícil conseguilo.

Xa ao comezo da viaxe os máis débiles empezaron a quedar inmóbiles por culpa do frío, e, por moito que lles doese aos outros, non podían facer nada máis que seguir adiante.

Pero os caracois estaban aterrados polo que podería ocorrer cos seus compañeiros, así que reflexionaron e volveron atrás. Polo camiño foron recollendo pedriñas e cristais de botellas que os humanos deixaran atrás o verán pasado. Cando chegaron xunta eles estaban case todos sen vida excepto tres. Os caracois intentaron actuar o máis rápido posible e xuntaron todos as pedras e cristais, formando unha especie de cuncha onde se puidesen meter para manterse



máis quentes.

Así foi como puideron chegar a un sitio onde estaren a salvo. Alí puideron sobrevivir e seguir a súa rutina. Xeración tras xeración, os caracois da mesma familia nacían cunha cuncha e pouco a pouco expandíronse por máis partes do mundo. Agora, xa podemos diferenciar os caracois que eran orixinarios do leste dos Ancares dos que non, porque eles recibiron o nome de lesmas.

Estela Ricón 2ºC

O canto dos lobos

Os lobos vivían no seu monte. Tiñan de que alimentarse e nunca pasaban frío. Pero un verán no que o aire case queimaba, os ríos e as pozas foron secando, ata que os lobos xa non tiñan auga para beber.

Pensaron en ir ao val, onde había unha vila con suficiente auga para persoas e animais, mais sabían que os humanos non eran bos cos lobos. Pensaban que querían comer as súas galiñas e facer buratos nas hortas, pero equivocábanse.

A Lúa, que miraba a situación desde o ceo, preguntábase se podería axudar os pobres animais. Cavilou na maneira de facelo e atopou unha solución: collería auga de lugares onde sobrase e verqueríaa onde antes había ríos.

A Lúa recolleu auga dos ríos máis grandes, e coas súas enormes mans transportouna ata o monte dos lobos, reenchendo os ríos con auga fresca que corría agora monte abaixo. Os lobos empezaron a beber e, cando sentiron que o seu corpo estaba rehidratado, decatáronse de que fora a Lúa quen os salvara traéndolles a auga. Os animais estaban moi agradecidos.

- Como poderíamos agradecercho, Lúa? -dixo un lobo.

A Lúa sentíase soa e pediulles aos lobos se podían falar con ela cando a mirasen brillar no ceo. Os lobos non tiveron ningún problema e dixeron que si.

Desde aquela, a Lúa leva auga aos lobos cando hai seca e eles agrádecenllo cantando e conversando con ela mediante os seus ouveos.



Lola Barrio González

Martín López, 2ºB

Seguro que moitos volo preguntastes algunha vez. Por que lle ouvean os lobos á Lúa? É unha pregunta moi interesante. E como todas as preguntas, ten unha solución. Pero, para descubri-la, teremos que irnos a hai centos de miles de anos. Antes de nós estaban os romanos, e antes dos romanos estaban os dinosauros, e antes dos dinosauros, os lobos parlantes. Si, antes os lobos falaban. E encantáballes xogar ao fútbol. Pero non había pelota, así que tiñan que xogar coas rochas que atopaban.

Un día estaban no campo xogando un emocionante partido. Os dous equipos estaban empatados e quedaban uns 15 segundos. Era de noite e a Lúa estaba observando o partido. Entón, o lobo Warlin deulle á rocha o máis forte que puido. A rocha comezou a subir, e a subir, e a subir... Subiu tanto que ...lle deu á Lúa nun ollo!

Mentres a rocha baixaba á Terra e a Lúa estaba dorida, Warlin e os demais pensaron que era divertido e lanzáronlle outra. A Lúa pensou que iso acabaría aí, pero non. Os lobos volveron á noite seguinte a tirarlle pedras e esmendrellarse coa risa. E así cada noite.

Os partidos de fútbol nocturnos cambiáronse por mandarlle rochas á Lúa. Mais a Lúa comezou a fartarse. Empezaba a ter cráteres de tantas rochas que lle lanzaban. Entón, ideou un plan. Un día viu a Warlin e os seus colegas paseando polo monte e díxolles:


- Así que vos gusta guindarme pedras? Pois voume achegar a vós para que vos sexa máis fácil. E, como ademais estades no monte, será o dobre de doado.

Warlin e os amigos estaban alucinando, e puxéronse a mandarlle rochas. Pero non se decataron dunha cousa. Que ocorre cando a Lúa se achega á Terra? Pois que a marea sobe. A Lúa aproximouse tanto, tanto, que ... PUM! Un tsunami invadiu a maior parte da Terra. Os lobos afogaban e comezaron a berrar, a bradar e a... ouvear!

A Lúa seguiu provocando tsunamis durante dous meses, e pasado ese tempo, afastouse. Pero as cordas vocais dos lobos deformáranse, de maneira que o único que podían facer era ouvear. E decidiron subir ao monte a ouvearlle á Lúa.

Desde ese momento, todos os lobos lle ouvean cada noite. Ouveos que, se traducimos, serían terribles insultos por quitarlles a voz. Pero a Lúa non os entende, e parece feliz.

Karol 1ºC



ESCRITORAS E ESCRITORES: CREADORES

Emma Gómez 1ºA

Portas ao coñecemento
 Ás da intelixencia
 Literais ou metafóricas
 Algo moi común
 Beizos das letras
 Rizos de alegría
 Astutas á hora de colocarse
 Simplemente perfectas

LEMBRANDO A NADA - Emma Gómez 1ºA

Os paxaros non cantan
 Os ríos xa non falan
 Que será de nós
 se o vento tampouco fai nada?

Todo arrasado
 Todo esmagado
 Que pasará se volve ocorrer?
 Que pasará se volve a nada?

O LAPIS – Noa Lago 1ºA

Si, só con este diminuto anaco de madeira
 podemos expresarnos.


Só con este anacoo de madeira
 podemos facer auténtica arte.

Só con este cachiño de madeira
 podemos deseñar e crear soños.

Só con isto,
podemos cambiar o mundo.

Xan Álvarez Santos 1ºA

Palabras fermosas que emocionen
 Onde as atoparei?
 En min estiven buscando
 Mentres pensaba as achei
 Aquelas palabras fermosas están aquí.



Pablo Gómez 1ºA

Eu vivo na miña casa,
o meu fogar
o meu lar.

Eu vivo coa miña familia,
cos meus avós
co meu corazón.

Eu vivo no meu edificio
cos meus veciños
cos meus amigos.

Eu vivo en Redondela
cos redondeláns
cos meus irmáns.

A FALSA CIDADE – Alex Figueroa 1ºA

Unha cidade é un bosque,
aínda que non o pareza, si o é.


Os edificios
son como as árbores.

Os coches nun atasco
son como os lentos caracois.

E os farois
son como unhas bonitas plantas.

Xiana Castro 1ºA

Vello libro que te mantés
intacto no teu andel.
As túas follas amarelas
e desgastadas polo paso do tempo.
Noutra época ferramenta
indispensable de traballo.
Oh! vello libro.
A sabedoría das túas verbas
impresas agora sen dono.
Oh! Vello libro



Pablo Cayetano

Carla Veiga 1ºB

O meu parque está triste,
ninguén sabe por que,
pero a xente máis vella
sabe o que está a suceder.

Xa non hai nenos xogando
o día de Reis,
exhibindo os xoguetes,
xa non hai ningún tren.

O vento soprando,
as folepas de neve caendo,
os vellos sufrindo
sempre en silencio.

Todos calados,
quero berrar.
Algo mo impide.
Cando vai acabar?

Xente deste mundo!
Estádesme escoitando?
Nunca é tarde.
Pega un berro en alto!



Iria Lago, 2º B

UN MUNDO SECRETO

10 de febreiro de 2019:

Eu pensei que era normal, aínda que sempre que llelo preguntaba aos meus irmáns, dicíanme o mesmo: “Ti estás completamente tola!”, pero eu non o pensaba así. Comezarei polo principio: chámome María e teño doce anos. Na miña casa, hai unha pequena escultura dunha bóla do mundo envolta nunha grosa capa de cristal, na que, dende hai uns días, vexo uns estraños movementos.

Sí, oístes ben... movementos!

Ás veces, aparecían grandes criaturas saídas das profundidades do mar, que se desprazaban lentamente polo pequeno “mundo”. Outras, vexo barcos aproximándose ás nosas costas, ou mesmo piratas loitando por conseguir un tesouro.

O que máis estraño me parece, é que todo o que eu vexo no mapa, sucedeu no pasado.

Por exemplo... Non é certo que o home pisou hai xa cincuenta anos a Lúa?

Pois un dos aniversarios deste acontecemento, apareceu no meu mapa, un gran foguete cunha bandeira americana. Non vos parece increíble?

O malo, é que ninguén me cre, porque sempre que quero ensinar algo do que aparece no

mapa, desaparece nada máis ver a cara de calquera dos meus irmáns.

Que significará iso?

O mapa será unha conexión co pasado, e eu son a única autorizada a velo tal e coma foi?...

A nena, acabara de escribir no seu diario os estraños sucesos que vivira nos últimos días. De súpeto... Unha enorme explosión de po verde tivo lugar no seu cuarto e, da nada, xurdiu unha enorme cámara de cor acibeche.

A nena, nada máis lonxe de asustarse, observou que a cámara tiña un botón que poñía: "abrir"; así que a pequena, como non, decidiu abríla, e introducirse nela.

Despois duns segundos, a nena apareceu nunha praia, na que se montara un pequeno mercado. A xente estaba vestida de forma moi distinta: non ían cos pantalóns remangados, nin tiñan grandes teléfonos nas mans. Todo parecía... pasado!

Nese momento, a nena percatouse de que tiña nas súas mans unha porta ao pasado, pola que podería viaxar tantas veces como quixese.

O que non sabía aínda era que podería cambiar o pasado con calquera erro que cometera...

MARIELA 1ºC



O libro tes que pechar, para deixar
 le sen parar, cando te aburras
 ten un libro sempre e
 LIBRO non saibas que
 facer, non teu poder
 comezar, de sonar e se queres

Time for the theatre!!!

Last May 10th we had the chance to watch an English play by the Moving On Theatre Company called ***The end of the beginning***. Some of our schoolmates participated (Alberto Estévez, Yago Rúa, Miguel Angel Incio and our old friends Yu and Lorenzo Míguez, now students at IES Pedro Floriani) and we had quite a lot of fun!



This year the play made a lot of references to Brexit, which we're sure you've heard or read about many times on TV and newspapers! Well, one of the biggest issues related to Brexit was immigration, and a lot of people who voted for leaving the European Union did so because of their irrational and unfounded (but very human) fear of immigrants committing crimes in the UK and taking their jobs.





As a result, many countries, including U.S.A., Canada, Spain and U.K., require immigrants who want to acquire full citizenship to pass a test (usually quite difficult) where they must prove their knowledge of the country's life and culture. Could **you** pass the citizenship test?

The UK Citizenship Test

The UK Citizenship Test
You must get 75% to pass (18 out of 24 questions)

1. Adult citizens of the UK, and citizens of the Commonwealth and the Irish Republic who are resident in the UK, can vote in all public elections
 - a) True
 - b) False
2. In Britain you must treat everyone equally, regardless of sex, race, age, religion, disability, class or sexual orientation
 - a) True
 - b) False
3. King Henry VIII's daughter Mary was a devout Catholic and persecuted Protestants, which is why she became known as
 - a) Catholic Mary
 - b) Scary Mary
 - c) Bloody Mary
 - d) Killer Mary
4. It is an offence not to have an MOT certificate (same as ITV In Spain) if your vehicle is more than how many year(s) old?
 - a) one
 - b) two
 - c) three
 - d) five
5. What is the title given to the person who chairs the debates in the House of Commons?
 - a) Chairman
 - b) Speaker
 - c) Leader of the House
 - d) Prime minister
6. How frequently are MPs (Members of Parliament) elected?
 - a) every 2 years
 - b) every 5 years
 - c) every 3 years
 - d) every 4 years
7. The Grand National is a Horse Race
 - a) True
 - b) False
8. The UK was one of the first countries to sign the European Convention in
 - a) 1880
 - b) 1910
 - c) 1930
 - d) 1950
9. (Choose 2 answers) There will be a fresh election, called a by-election, in his/her constituency if an MP
 - a) gets sick
 - b) dies
 - c) goes abroad
 - d) resigns
10. What must you buy if you have a device that can be used for watching or recording TV programmes?
 - a) A video player
 - b) Beer and popcorn
 - c) A TV licence
 - d) A set of speakers
11. The English Parliament developed naturally out of the daily political needs of the English King and his



government, particularly when the King

- a) wanted to get married b) was the heir apparent c) wanted to raise money

12. From what age can you be asked to serve on a jury?

- a) 16 b) 18 c) 21 d) 25

13. What bird is traditionally eaten on Christmas Day?

- a) duck b) chicken c) turkey d) ostrich

14. The London Eye is situated on the southern bank of the River

- a) Tyburn b) Walbrook c) Thames d) Fleet

15. (Choose 2 answers) Henry VIII was most famous for ...

- a) breaking away from the Church of Rome b) bringing peace to the UK
c) marrying six times d) his great skills of art

16. The First World War ended on the eleventh hour, of the eleventh day, of the eleventh month in 1918

- a) True b) False

17. Which landmark is a prehistoric monument which still stands in the English county of Wiltshire?

- a) Stonehenge b) Hadrian's Wall c) Offa's Dyke d) Fountains Abbey

18. What is the name of the admiral who died in a sea battle in 1805 and has a monument in Trafalgar Square, London?

- a) Cook b) Drake c) Nelson d) Raleigh

19. In 1801, a new version of the official flag of the United Kingdom was created. What is it often called?

- a) British standard b) Royal banner c) St George cross d) Union jack

20. Who is the patron saint of Scotland?

- a) St Andrew b) St David c) St George d) St Patrick

21. What flower is traditionally worn by people on Remembrance Day?

- a) poppy b) lily c) daffodil d) iris

22. Which of these sporting events was hosted in London in 2012?

- a) Commonwealth Games c) Cricket World Cup
b) European Football Championship d) Paralympic Games

23. At her jubilee in 2012, how many years as queen did Queen Elizabeth II celebrate?

- a) 25 b) 40 c) 50 d) 60

24. The second largest party in the House of Commons is usually known by what name?

- a) Senate b) Opposition c) Lords d) The other side

ANSWERS

You must get 75% to pass (18 out of 24 questions)

- | | | | | | | |
|-------------------|--|-------------------------|----------------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------|
| 1. True | 2. True | 3. Bloody Mary | 4. Three | 5. Speaker | 6. Every 5 years | 7. True |
| 8. 1950 | 9. dies, resigns | 10. A TV licence | 11. wanted to raise money | 12. 18 | 13. Turkey | |
| 14. Thames | 15. breaking away from the Church of Rome, marrying six times | | | | 16. True | 17. Stonehenge |
| 18. Nelson | 19. Union jack | 20. St Andrew | 21. Poppy | 22. Paralympic Games | 23. 60 | 24. Opposition |

ACTO VIOLENCIA DE XÉNERO 25 DE NOVEMBRO

Este curso o alumnado de Redondela que participa no Programa Cidades Amigas da Infancia foi encargado de organizar o acto do 25 de Novembro do Concello, neste acto oficial o noso alumnado de 2º ESO participou ca lectura dun marabilloso poema sobre o maltrato escrito por José Estévez Saborido e unha performance sobre dito poema interpretada por varios alumnos e alumnas de 2ºB ademais de participar tamén na elaboración e lectura do manifesto oficial.



Por suposto fixemos outro acto no noso centro no que ademais de ter o pracer de volver escoitar o poema e ver a performance, outras alumnas e alumnos de 2º ESO fixeron un baile moi representativo relacionado co maltrato á muller e tamén houbo lecturas de alumnado de todos os cursos.

As voceiras de dous grupos de 2º ESO do Programa Cidades Amigas da Infancia, foron convidadas xunto con alumnado doutros centros ao Parlamento de Galicia para celebrar un pleno relacionado co tema da violencia de xénero e tamén fomos convidados polo CEP Santa Mariña á súa radio para facer un programa sobre a mesma temática.



A COOPERATIVILLA

Este ano o alumnado de 4ºB Aplic. vólvese superar a si mesmo. Neste seu derradeiro ano no centro teñen como optativa a materia de Iniciativas Emprendedoras, impartida polo profe de Ciencias Sociais Manuel L. e coa



colaboración do noso director, Ramiro. Para impartir as clases e sacar o máximo proveito posible da materia, o propio alumnado participa nun proxecto da Deputación de Pontevedra para aprender mellor a desenvolverse na vida laboral.

Dito proxecto consistiu en montar a súa propia Cooperativa!! Bautizada co nome de “Cooperativilla”

Durante todo o curso non pararon de traballar, tanto é así que tiveron que organizar a clase por Departamentos (Compra-Venda, Directiva, Informática, Contabilidade, Transporte...) e cumpriron distintos roles. Tamén traballaron cunha cooperativa socia, localizada en Benidorm (Valencia). Estes produtos que lles enviaron desde tan lonxe foron vendelos a un mercado en Vigo, tamén montado pola propia Deputación de Pontevedra. Fixeron un intercambio de produtos propios da nosa terra, desde queixos a galletas, pasando antes polo doce chocolate. Mais, se iso fose pouco, tamén fixeron a súa propia venda entre os familiares, amigos, compañeiros e profesores máis achegados e unha parte de todos os beneficios que foron recadando foron doados a unha ONG para a axuda social. E que os cuartos queren despedirse ao grande e por iso fan grandes traballos para que sexan lembrados con moito agarimo!

Ben traballado
4ºAplc. !!!!!



ALBA DE GLORIA



O 25 de xullo de 1948, día de Galicia, Castelao pronunciou en Bos Aires a mellor peza oratoria da nosa lingua. “Alba de Gloria”, título do discurso, tivo como receptores os emigrantes e exiliados que se reunían no Centro Galego da capital arxentina para mellor levar a saudade da Terra. Cheo de simbolismo, é unha peza básica no noso relato identitario xa que fai un percorrido pola nosa historia, mais trasladándonos unha mensaxe de futuro para a nosa terra.

Con motivo do setenta aniversario da alocución, o Consello da Cultura Galega leva a cabo unha experiencia multimedia que nos mergulla no mundo “Alba de Gloria” e que nós visitamos.



VISITA DE MARÍA REIMÓNDEZ



Na Illa dos libros, a nosa biblioteca, o alumnado tivo a oportunidade de conversar con María Reimóndez, autora de varios poemarios, novelas, artigos e ensaios, moitos deles galardoados con coñecidos premios literarios coma o premio Xerais de novela 2014, o Xohana Torres de ensaio en 2017 e, recentemente, o premio dos Clubs de Lectura dos centros de ensino secundario de Galicia 2019.

No comezo da charla a escritora animounos a reflexionar sobre os superpoderes de cada un de nós, pois diso trata precisamente o seu último libro, *Fóra do normal*. O protagonista, André, vive unha adolescencia difícil na que terá que loitar contra obstáculos impostos polas convencións sociais e contra o rexeitamento dos que non o aceptan tal e como é. A medida que atopa forza no seu interior para superar esas barreiras, irá desmitificando aos superheroes idealizados dos cómics. Decátase que é el o verdadeiro superheroe da súa vida, co superpoder de reafirmarse no seu ser, de superar etiquetas, de asumir con orgullo a súa identidade. Ese proceso de heroización constitúe un exemplo para que cada un de nós tamén busquemos ese superheroe que levamos dentro.

A petición dos alumnos, a escritora dounos detalles do proceso creativo do libro. Para ela o obxectivo esencial é “axudarnos a entendernos mellor a nós mesmos e á xente que nos rodea”. Trátase, pois, dun libro que axuda a comprender as diferenzas e a excluír as “caixas clasificatorias, creando un espazo común no que todas as persoas podamos ser como somos”.

María Reimóndez tamén é unha coñecida activista social. A súa participación en programas de voluntariado levárona a fundar a súa propia ONG, Implicadas, na que desenvolve programas de axuda a mulleres en India e Etiopía. Non sorprende



entón que na súa obra se funda o activismo social co literario. Esta conexión a leva a tratar temas e personaxes que tradicionalmente recibiron pouca atención na literatura, como pode ser a transexualidade, pois

esa “invisibilidade na tradición literaria parece que fai que non existan”. Por esa razón a súa obra ten un triplo propósito: visibilizar a diversidade, proporcionar personaxes nos que alguén poida sentirse identificado e destacar que “todas as persoas temos elementos para empatizar cos demais”.

Fóra do normal non só se reduce á historia de André como exemplo de superación. O libro agasállanos con Mucha, un personaxe secundario que gaña totalmente ao lector e sae das páxinas do libro para facernos ver algúns dos problemas que afectan á sociedade galega en particular. Con retranca, esta rapaza destaca as sombras do paraíso urbano en prol das luces do noso esquecido rural, critica o desuso do lingua galega polos prexuizos dos que non queren empregala e personifica a todo aquel que intenta comezar de novo deixando un pasado de dor detrás. Mucha é unha homenaxe á muller galega loitadora, á muller do mandilón, que non se agocha tras verbas baleiras nin busca “likes” senón que actúa con coherencia e pisa forte polo camiño da vida.

Ao rematar a charla, María Reimóndez animounos a sachar cada día na leira dos prexuizos para que a normalidade sexa aceptar ás persoas como son. Temos que empregar os nosos superpoderes para crear unha sociedade mellor, na que ninguén quede illado, na que todos poidamos ser diferentes e na que as actitudes xenófobas, homófobas e excluíntes sexan fóra do normal.



ARTELIXO

Este curso animámonos por fin a comezar cun Programa de Educación Ambiental no IES, dentro do cal se enmarca este festival que se celebra no noso centro como parte, tamén, do que se celebra na vila de Redondela.

Artelixo comezou sendo no Illa unha actividade puntual, iso si, moi creativa e con temática importante: a reciclaxe; pero pouco a pouco foise convertendo nunha data importante no calendario grazas á colaboración de todos.

Como organizadora teño que dicir que cada ano conto con máis colaboradores tanto dentro como fóra do centro. Este ano penso que todos os profes traballaron en algún obradoiro e como invitados tivemos a sorte de contar, ademais dos xa habituais (Centro de Día de Cesantes e CEP Santa Mariña), coa ANPA do noso centro, Aldeas Infantís e o Concello de Redondela.

Todas estas entidades participaron na elaboración de 11 obradoiros que tiñan



como base fundamental a reciclaxe ou reutilización de materiais co fin de ofrecer ao alumnado moitas posibles formas de facelo posible, ademais da realización conxunta de todo o alumnado participante (6º Primaria, 1º e 3º ESO por parellas TEI) dun Obralixo Conxunto que este ano foi o

“Mercado do futuro” un mercado de peixe plastixénico que é o que nos deparará o futuro se continuamos contaminando así os nosos mares e océanos. Neste mercado podíase mercar “rapante repugnante”, “raia de tres ollos”, “abalixo”, “fanca atómica”, “chincho mutante”, “bolsatún” e outras variedades igual contaminadas.

Teño que dicir que o que máis me gusta desta actividade é que todos traballemos xuntos e mesturados, profes con usuarios do centro de día, alumnado con profesorado, profes de primaria con profes de secundaria, orientadora con educadores de aldeas.... é unha boa “escusa” para facer vínculos e aprender de verdade moitas cousas.

Os obradoiros que se fixeron este curso foron:

1. Abono líquido con borras de café (Aldeas Infantís)



2. Obradoiro de elaboración de bolsas de tea con camisolas vellas (CEP Santa Mariña)



3. Obradoiro de foguetes con botellas de plástico (Dep. de Matemáticas IES)



4. Obradoiro de bixutería reciclada (Centro de Día de Maiores de Cesantes)



5. Obradoiro experimentos de física con materiais reciclados (Departamento de Ciencias IES)



6. Hotel para insectos (Concello de Redondela)



7. Obradoiro marcapáxinas reciclados (Departamento de Lingua Castelá)



8. Obradoiro Parnalixo (Departamento de Lingua Castelá)



9. Obradoiro xabón líquido con aceite usado (ANPA do IES)



10. Obraliño “Mercado do Futuro”



CONCERTO LÓSTREGO

Había unha vez un gran grupo de rock no que tocaban dous rapaces estudantes do Illa de San Simón aos que perseguía unha orientadora con ganas de que desen un concerto no IES. Despois de varias “persecucións” por fin esa orientadora conseguiu, grazas á colaboración das súas familias e demais integrantes do grupo, que se fixera tal concerto o día de Artelixo. O gran grupo deixou abraizados a alumnado, profesorado e demais persoas que estiveron presentes e por suposto con ganas de máis. Agradecemento inmenso.




Marabilloso concerto!!!



CLUB DE CIENCIAS (MATEMÁTILLA)

ACTIVIDADE: TIRO PARABÓLICO



Construción dun foguete de auga e da súa rampla de lanzamento.

Basicamente, un foguete de auga é un tipo de foguete que se ve impulsado pola presión da auga.

Utilizaremos dúas botellas. Collemos unha botella, cortámoslle a parte inferior (que rexeitamos) e unimos a parte superior a outra botella para darlle forma ao foguete. Enchemos de auga a botella que non cortamos. Á botella enteira poñémoslle un tapón de cortiza, ao que lle facemos un buraco polo que pasar o bico do inchador.

Ao introducir aire dentro da botella e non poder liberarse, aumenta a presión ata que xa non pode máis e sae polo punto máis feble da botella: o tapón. A auga, ao ser máis densa que o aire, estará na parte inferior, impedindo que o aire saia, polo que este exercerá tal presión sobre a auga que a impulsará a chorro facendo que o foguete saia despedido. O que ilustra a 3ª Lei de Newton: **“Todo corpo A que exerce unha forza sobre un corpo B experimenta unha forza de igual intensidade na mesma dirección pero en sentido oposto”**





Visita a Ourense

O día 26 de marzo, o alumnado de Humanidades de 4º A, conxuntamente co alumnado de Cultura Clásica de 3º (máis o resto de alumnos de 3º; pobriños, non os iamos deixar no instituto!!!) fixemos unha excursión a Ourense para ver a obra de teatro clásico “As Bacantes”, unha interesante traxedia de Eurípides representada polo grupo de teatro universitario Noite Bohemia no Auditorio Municipal da cidade.

Como chegamos con moita antelación, puidemos visitar o cemiterio de San Francisco, onde están soterrados Eduardo Blanco-Amor, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Miguel Angel Valente, entre outros. Aínda que a algúns lles deu moito “yuyu” entrar nun cemiterio, tivemos que recoñecer a beleza dalgúns dos mausoleos, nos que tivemos ocasión de practicar o noso latín, e o encanto de pasear nun sitio con tanta historia como este. De feito, como curiosidade, atópanse alí os restos da primeira vítima recoñecida de violencia de xénero en España (Asunción González, morta en 1891), cunha lápida que reza: “Pobre Asunción - Viernes Santo del 91”.



Antes de entrar no Auditorio Municipal puidemos visitar o mosteiro de San Francisco. Demos unha volta ao seu impresionante claustro, restaurado recentemente, e saímos rapidamente, porque tiñamos que presentarnos no teatro con tempo.



A función teatral estivo moi ben, e todo o mundo gozou coa historia de Dioniso (Baco) e a súa terrible vinganza na cidade de Tebas. Os actores e actrices eran xente nova, a ambientación, vestiario,

coreografías e música foron moi boas ... e Carla puido falar brevemente coa súa curmá, que era unha das actrices!!!



Ao saír, fomos comer os nosos bocatas á Alameda. Marta, que ía con muletas, tivo que facer un esforzo extra para ir dende o Auditorio até o centro de Ourense, aínda que foi axudada por uns “transportistas” de moita categoría que a levaron ás costas cando había que baixar escaleiras.

Despois de coller forzas, demos unha pequena volta polo casco vello de Ourense, pasando polas Burgas (onde coñecemos o nome da primeira ourensá, chamada Calpurnia), a catedral e a Praza Maior, onde tomamos uns refrescantes batidos e smoothies nos seus soportais.

Para rematar, subimos ao autobús para dirixirnos ás termas de Outariz, unhas pozas de auga quente á beira do río Miño, onde nos bañamos (agás os aburridos dos profes) e tomamos o sol. Cando tivemos que marchar, case nos teñen que sacar á forza porque se estaba tan ben ... Non queríamos irnos de alí!!



Unha vez duchados e relaxados todos, só nos quedaba subir ao bus para voltar á casa. Foi un día fantástico!!!



BIOLOXÍA 1º ESO

No mes de maio as alumnas e alumnos de 1º xa estabamos un pouco cansos de estar sempre metidos nas aulas. En canto saíu un pouco o sol, convencemos os profes e fomos ver como estaban as plantas da alameda.

**1ºA**

A idea era pasar aquí un par de días coa excusa de mirar como medraba a herba, como piaban os paxariños e todas esas cousas ... pero non coou.

Dúas horiñas traballando e a correr de volta para o Illa. Isto non é vida!

**1ºB**



O certo é que as dúas horas deron para bastante: falamos, rimos, miramos algunhas plantas, escribimos un pouco e, o mellor, .. xa perderamos dúas clases no instituto.



Para ser a primeira vez, non estivo mal. A próxima ... igual imos sen profes.

HETERÓNIMOS? HOME NON !!

(...) A infrecuencia no uso dalgunhas normas de cortesía: escoitar ao outro, non interromper, respectar a quenda, pedir a palabra, falar sen elevar o ton de voz, dar as grazas, pedir por favor as cousas, etc... (...)

O CUCO DO MONTE. Revista nº 0, *A gamela* (98-99)

BENVIDO SEXA QUEN Á SÚA CASA CHEGA!

(...) Certamente non somos perfectos. Pero, por favor, non nos neguen a boa intención, pensen que a nosa intención é facelos mellores como persoas, se cadra equivocadamente, pero nunca con mala intención. (...)



Roberto. Revista 1, *A fiestra do Illa* (99-00)

(...)

Iso somos:

Ar de bolboretas que moven a historia.

Motor dun tempo intemporal

máis aló de ideólogos e xenerais,

de políticos e relixiosos,

de científicos e filósofos. (...)

Melibeo. *A fiestra do Illa*, nº 3 ((01-02)

(...)

Serei xiada inútil sobre ricas lareiras e finos gabáns,

Folerpa detrás de ventás quecidas

Poza de recordos esquecidos

Serei ren, ferverza de amor esquecido (...)

Purmardeiras. *A fiestra do Illa*, nº 5 (03-04)

(...) Que a escola pública sexa gratuíta non quere dicir que non se pague, só que non a paga quen a utiliza, pero si que ten un custe, o custe da suor dos traballadores, homes e mulleres deste país. (...)

Manolo Pica Pedra. *A fiestra do Illa*, nº 7 (05-06)

(...) Insisto en que a riqueza procede do traballo e a redistribución desa riqueza correspóndelle ao poder político, ese poder que nos debe representar a todos. (...)

Asdo. @ = 😊. *A fiestra do Illa*, nº 11 (09-10)

(...) Enfrontamos pois un paradoxo: sexo sen afectividade, afectividade sen sexo. Onde está o equilibrio, se o hai? O que está claro, desde a miña ignorancia, é que constitúen dous ámbitos diferentes que non precisan mesturarse, pero tampouco necesitan desvincularse.

Pensabundo maldotado. *A fiestra do Illa*, nº 19 (18-19)

O Cuco do Monte, Filo Sofía dos Penedos, Hamas sen Hamar, Calixto&Melibeo... son ti e ti es eles. Es un deses grandes que non se esquecen nunca, grande pola túa forma de traballar sempre desde o agarimo e a implicación co alumnado, grande tamén por ser un gran compañeiro, grande porque sen facer moito ruído cascaches moitas noces que agora nos facilitan o camiño ós seguintes.

Pero sobre todo es un grande porque nunca perdiches a ilusión, ata o último día de traballo tiveches obxectivos e obxectivos grandes coma ti.

IN MEMORIAM

Agora lembro o neno que miraba as aves voando sobre o río e tanto tempo e inmóbil nas varandas da tarde, arrodeado de xente que alí viña ler unha carta xa lida moitas veces, facer un solitario, fumar unha tristeza con naturalidade, dar alimento ás pombas que baixaban do ceo cun ruído de fronde que un vento violentara.

Agora lembro o neno na súa vocación de ollar fóra do mundo, máis alá dos camiños nunca en liña de mapa ou de caderno, nunca asentados onde os pés avanzan: reinos de arriba, aire, centro dunha emoción, dun universo á marxe, da vertixe máis pura. Nunca norte sabido nos pupitres.

Agora lembro o neno que miraba as aves sobre o río, e máis alá das aves e do río, e máis alá da tarde interpretada. Máis alá do azul último. E máis alá da liña mineral do horizonte.

Aínda debe andar neses pasos tan lonxe.

Álvarez Torneiro, Manuel: *Campo segado*.



29.5.2019